

NOCTURNA DO XALO

II EDICIÓN

REGULAMENTO

1 / A asociación Castelo Deporte organiza, en colaboración co Concello de Culleredo, a Nocturna do Xalo, unha proba deportiva en dobre modalidade de carreira de montaña e andaina, que celebra a súa segunda edición.

2 / DATA E LUGAR

A proba celebrarase o sábado 16 de novembro de 2019 no Monte Xalo, tendo a súa saída e a súa chegada no lugar na polideportiva de Castelo (Culleredo).

3 / DEFINICIÓN

Trátase dunha carreira e dunha andaina polo Monte Xalo de 11,26 e 8,2 km. respectivamente, cunha única categoría para cada caso. O seu carácter é solidario, destinando o 100% dos beneficios obtidos á loita contra o sarcoma, un tipo de cancro, a través da Fundación Mari Paz Jiménez, coa que colabora a asociación Castelo Deporte.

4 / RESPONSABILIDADE COA NATUREZA

A Nocturna do Xalo promove os valores de respecto á natureza, favorecendo a conservación do monte, a súa flora e a súa fauna. Os participantes na proba deberán por esta razón empregar os contenedores de lixo dispoñibles. A organización empregará, sempre que sexa posible, material reutilizable e reciclable. Os elementos de marcaxe do percorrido recolleranse nas horas posteriores á proba, cando tamén se realizará a limpeza do mesmo. A comunicación en papel reducirase ao mínimo, dando prioridade ao soporte electrónico.

5 / CATEGORÍAS

Carreira	Maiores de idade	11,26 km.
Andaina	Todas as idades	8,2 km.

6 / HORARIOS

A Nocturna do Xalo consta de dúas distancias, a percorrer polos participantes en diferentes momentos da tarde do sábado 16 de novembro de 2019:

Carreira	19.00 horas
Andaina	19.30 horas

7 / INSCRICIÓNS

Permanecerán abertas ata o martes 12 de novembro de 2019 ás 23.59 horas en www.emesports.es; o prezo da mesma será de 15 euros. O pagamento realizarase en todo caso no momento da inscrición.

8 / LÍMITE DE PARTICIPACIÓN

Disporanse un total de 175 prazas para a carreira e 175 prazas para a andaina.

9 / PREMIOS

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina da carreira.

10 / DORSAIS E CRONOMETRAXE

A carreira estará cronometrada pola empresa Emesports. Os chips de cronometraxe entregaranse aos participantes xunto co dorsal, e se poderán recoller a partir das 18.00 horas do mesmo día da proba.

11 / AVITUALLAMENTOS, SINALIZACIÓN E MEDIOS OBRIGATORIOS

Tanto para a carreira como para a andaina, situarase un avituallamentos líquido e sólido.

O percorrido estará sinalizado con cinta de balizaxe reflectante.

Será obrigatorio o emprego de frontais para as dúas modalidades, así como a achega dun teléfono de contacto á organización. Será obrigatorio levar ao percorrido un teléfono móbil.

12 / ABANDONO OBRIGATORIO

A organización poderá parar en calquera momento a un corredor ou obrigarlle a abandonar a proba se considera que o seu estado pon en perigo a súa integridade física ou a súa seguridade.

13 / AGASALLOS

Cada participante terá acceso, coa inscrición, a unha camiseta conmemorativa, e recibirá tamén un ticket para cear na polideportiva de Castelo ao remate do evento.

14 / SERVIZOS

Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba.

15 / RECLAMACIÓNS

As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente á empresa de cronometraxe nas dúas horas seguintes ao remate da proba, ou por escrito no correo electrónico info@castelodeporte.gal nas vinte e catro horas posteriores ao remate da proba.

16 / DEREITOS DE IMAXE

Os participantes renuncian a empregar os seus dereitos de imaxe e autorizan á organización e aos seus patrocinadores a empregar e publicar libremente calquera fotografía ou vídeo gravado no contexto da proba.

17 / ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición dos participantes está condicionada á aceptación do presente regulamento.

18 / DESCALIFICACIÓN

Serán motivos de descalificación:

- Atallar ou percorrer conscientemente tramos do percorrido diferentes ao oficial
- Tirar no monte lixo de calquera tipo
- Non asistir a outro participante en dificultades

- Non pasar polos avituallamentos ou puntos de control
- Abandoar a carreira sen avisar á organización

19 / SUSPENSIÓN

No caso de que polas condicións meteorolóxicas non fora posible que a proba dera comezo, a organización resérvase o dereito de suspendela, neutralizala ou modificar o seu horario, o percorrido e os avituallamentos. Neste caso non se devolverá o importe da inscrición.

No caso de suspensión da proba por causas de forza maior e cunha antelación de máis de sete días en relación á data da mesma, realizarase un reembolso parcial da inscrición, fixado en función dos gastos non recuperables pola organización.

20 / MÁIS INFORMACIÓN

Nas webs www.nocturnadoxalo.gal, www.castelodeporte.gal, no Twitter [@castelodeporte](https://twitter.com/castelodeporte) e na páxina en Facebook de Castelo Deporte publicarase toda a información de interese sobre a proba. No correo electrónico info@castelodeporte.gal e no teléfono 881 942 986 proporcionarase información adicional aos participantes.

—

REGULAMENTO_NOCTURNADOXALO_VI

21/10/2019 _ 9.07